



A DIGLOSIA ENTRE OS MORTOS, AÍNDA QUE ELES NON FALAN

¿ Quen estaría disposto ou disposta a escribir un artigo no que se reflectan todos estes datos cos que estamos traballando?

- ¡ Eu! Dixo Uxía
- ¡ Eu tamén!. Así empezou o lío. Tocounos describir os pormenores da tarefa que nos leva enredando dende hai tempo. Tratábase de continuar con algo que polo visto comezara o ano pasado : o traballo coas esquelas ¡Toca madeira!

Pero nós agora iamos analizar con máis profundidade o tema dos TOPÓNIMOS.

Os xornais que revisamos unha morea de

rapaces e rapazas de 1º e 2º da ESO

foron : La Voz de Galicia, maioritariamente, El Correo Gallego, El Progreso e Faro de Vigo.


Contabilizamos un total de 2.635 esquelas e, antes de empezar co asunto que imos tratar, permitídenos un dato : ¡Primeira Sorpresa! ou primeira de -

cepción, como queirades, fronte ao 94% das escritas en lingua castelá do curso pasado, agora atopámonos cun 97 %. ¡ Que pasada, a situación empeorou!!

De momento non imos permitir que o desalento nos invada e imos cos topónimos.

Para comezar facémosvos unha preguntíña

¿ Como vos parece que



A DIGLOSIA ENTRE OS MORTOS, AÍNDA QUE ELES NON FALAN

queda mellor: A Coruña ou La Coruña? Supoñemos que diredes A Coruña ou iso é o que a nós nos gustaría, porque a realidade é que se utiliza La Coruña no 86% das esquelas ¡Danlle a razón ao alcalde da cidade!, famoso defensor deste xeito de referirse á nosa provincia .

Pero non pensesdes que remata así o conto, isto só é unha anécdota da que xa estamos cansos.

A lei de Normalización di textualmente no seu artigo 10 “os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega”, polo tanto chegamos a unha conclusión. Os concellos que ides ver no mapa seguinte, que son os que non cumpren a Lei, realmente NON EXISTEN, non na nosa terra.

La Coruña
Arteijo
Irijoa
La Baña
La Coruña
Órdenes
Oza de los Ríos
Puebla del Caramiñal
Puenteceso
Puerto del Son
Riveira
San Saturnino
Sobrado de los Monjes
Tordoya
Villarmayor

Lugo
Pidrafita
Villalba

Pontevedra
Bayona
La Cañiza
Las Nieves
Puentecaldelas
Puentecesures
Villagarcía de Arosa

Nas esquelas revisadas aparecen a miúdo os topónimos que vedes, repetidos unha e outra vez, só ás veces o nome correcto lémbraos que están aí, pero moi poucas, a verdade.

Como podedes constatar é na provincia da Coruña onde máis infractores atopamos pero ¿será porque é da Coruña o xornal máis consultado, polo tanto do que temos máis datos, ou a realidade é esa?

Hai casos realmente curiosos para referirse a un mesmo lugar. Para A Pobra do Caramiñal aparecen ata catro formas diferentes de nomeala: Puebla; A Pobra; Puebla del Caramiñal; P. Do Caramiñal. ¿Que pasa? ¿Hai confusión? ¿Non sabemos? ¿Non queremos saber!.

No que se refire a lugares máis pequenos, parroquias, aldeas... a situación clama ao ceo e non sabemos se rir ou chorar cando lemos: Taboeja, La Silva, Irijoa, Feria del Tres, Vijoy, Mesón del Viento, Puente del Puerto.. etc. etc.


¿Quen son os culpables da situación? ¿De quen é a responsabilidade de facernos chegar o nome correcto do concello ou localidade na que vivimos? ¿Son os mortos os que elixen unha lingua que non usaron de vivos? ¿A rutina, o



desinterese invaden os medios de comunicación? ¿As funerarias móvense na irregularidade por ignorancia? ¿A dor dos familiares permite que outros decidan por eles? ¡Culpables TODOS!.

Sabedores de que segundo as nosas enquisas, o 44% das persoas que habitualmente len o xornal, miran as esquelas sempre e un 20% fano ás veces, e conscientes da importancia deste feito, nós decidimos que imos aportar un grao de area e facer chegar o resultado do noso traballo e as nosas reflexións aos concellos, as funerarias, e aos medios informativos. Farémolo a principios do Curso que vén ou agora, se nos dá tempo. Xa vos contaremos.

Uxía e Ingri no nome de todos /as os/as de 1º e 2º ESO



Así o vén os nenos e nenas

